




UNHA VOLTA POLO COUREL

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 80 km

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada (mínimo)




Folgoso coa serra a fondo.

A Serra do Courel é unha cadea de montañas pregadas, moi fracturadas e formada por materiais moi variados, principalmente lousas e xistos, e, en menor cantidade cuarcitas, arenitas e calcarias que conforman un relevo abrupto con gorxas profundas e pendentes fortes. As principais alturas son o Formigueiros con 1.647 m, o Pia Paxaro con 1.619 m e o Pico do Boi con 1.178 m.

Cando falamos do Courel podemos referirnos a unha serra, que lle dá nome á zona, a un concello (Folgoso do Courel) ou a unha área máis ampla de características comúns que abrangue, ademais do propio Courel, territorios de Quiroga, O Incio, Samos, Pedrafita e continúa por terras leonesas.

O Courel é un terreo de montaña, abrupto, de fortes pendentes e fondos vales polos que corren numerosos ríos e regatos tributarios do Sil que escavan profundos carvorcos e forman fermosas pincheiras. Os fortes desniveis e a súa posición xeográfica dan lugar á aparición de características climáticas moi diversas, entre o atlántico de montaña e o mediterráneo que, xunto coa variedade de rochas, son a orixe dunha gran riqueza de flora e fauna. É unha área de grande interese natural que acolle pegadas glaciarias, monumentos xeolóxicos, paisaxes impresionantes en calquera época do ano, e unha gran biodiversidade. Tamén conta cun rico patrimonio etnográfico (alvarizas, muíños, ferrerías, núcleos de poboación, pontes...) e histórico-artístico (castros, restos romanos, igrexas románicas e barrocas, castelos...).

Unha gran parte da área está incluída no LIC "Os Ancares, O Courel". A amplitude e variedade do territorio e as distintas posibilidades que ofrece ao longo dos cambios estacionais fai imposible coñecerlo nunha única visita. Necesitaríamos moitas achegas, en distintas épocas do ano, e nunca daríamos visto todo. Hai numerosas rutas indicadas que permiten percorrer os lugares de maior interese. Propoñemos un primeiro achegamento en coche, un itinerario para un día enteiro, que se completa con pequenas camiñadas; un percorrido circular duns 80 km (sen ter en conta os desvíos que fagamos a maiores) tomando como punto de referencia a poboación de Quiroga permítenos rodear a serra e achegarnos a algúns dos puntos destacados da mesma.



Outono. Camiño no souto.

COMO CHEGAR:

Saímos do centro de **Quiroga** con dirección ao Courel. A primeira parada facémola no mirador do **Pregue de Campodola**, onde se fan evidentes a forzas que modelaron a paisaxe. Seguimos ata o **alto do Boi** e imos gozando dunhas panorámicas espectaculares da serra e comezamos a ver o **val do Lor**. Alí podemos facer un desvío a **Vilar** onde hai un castro e un museo etnográfico. Voltamos ao alto do Boi e continuamos cara a **Folgozo**, onde podemos facer un pequeno desvío a **Valdomir** para ver a pincheira de augas férricas de **Rexiu**. Pasado Folgozo viaxamos pola aba da serra levando á esquerda o profundo canón do Lor ata **Ferreirós** onde o cruzamos para continuar, agora pola outra marxe ata chegar a **Seoane**. Un pouco antes de chegar a Seoane podemos ver o aciñeiral de **Mercurín** asentado sobre rochas calcárias, nunha zona onde se atopa unha canteira abandonada. Tamén temos a posibilidade de desviarnos pola estrada de Moreda para ver a **Ferrería do Courel**.

En Seoane collemos a estrada que vai a Esperante e Mostade, e nela o desvío ao **Alto do Couto**. Nesta subida á serra pasamos ao pé das ruínas do castelo de **Carbedo**, punto desde o que temos en fronte o monte **Formigueiros**, o cume máis alto da serra, e, nas súas abas, a máis ampla fraga do Courel, a **Devesa de Rogueira**. No Alto do Couto, no punto do cambio de vertente podemos facer unha parada para contemplar as paisaxes do **Val de Visuña**, coa característica forma de artesa típica da actividade glaciaria no pasado. Seguimos cara a fondo do val, agora coa serra do Courel á dereita, e imos contemplando unhas paisaxes espectaculares co val do **río Visuña** a fondo. Pasamos por terreos con paredes de fortes pendientes de lousas e máis adiante entre rochas calcarias nas que hai algunhas covas e unha vexetación moi característica.

Despois de pasar Visuña chegaremos a **Ferramulín**, onde o río Visuña se xunta co Selmo, que un pouco máis abaixo entra en León. Alí temos un fermoso souto e unha pincheira.

Continuamos o percorrido remontando o curso do **Selmo** ata un pouco antes do chegar a **Vieiros**, onde podemos facer unha pequena camiñada para achegarnos á pincheira máis emblemática do Courel. Continuamos ata **A Seara**, fermosa poboación con moitas casas restauradas, atravesada polo río que a carón dun muíño forma un pequeno salto. Desde a Seara iníciase a ruta á **Lagoa de Lucenza** e por ese camiño a só 300 m atópase a pincheira de **Fócaro**.

A seguinte poboación é **Soldón**, que lle da nome a río, e, un pouco máis adiante, no **Mazo** vense os restos dunha ferrería e o val do **rego do Montouto** coa **serra dos Cabalos**. Seguindo polo val do Soldón chegamos a **Cruz de Outeiro** desde onde podemos ver a poboación de **Outeiro** e o seu fermoso souto, ou achegarnos á pincheira da **Pedriña no río de Vilarbacú**. A partir de aquí deixamos o val do Soldón e seguimos o val do **río Quiroga**, coa serra do Courel á dereita, nunha área moi alterada polas canteiras de lousa. Despois de numerosas curvas e moitas vistas panorámicas, un pouco antes de baixarmos ao val de Quiroga, podemos ver a parte de atrás do **pregue de Campodola**. A ruta remata cando nos incorporamos, xirando á esquerda, en dirección a Quiroga, á estrada que vai a Pacios da Serra. Un pouco antes de entrar en Quiroga podemos achegarnos a coñecer o conxunto histórico-artístico do **Hospital**. Finalmente chegamos de novo a punto de partida.

Ponte no Lor. O río Lor nace nos montes do Cebreiro e, despois dun percorrido encaixado de 50 km, no que se suceden rápidos e pequenas fervezas, xúntase co Sil en Augasmestas entre Quiroga e Pobra do Brollón.



Pregue de Campodola.

O Courel é un auténtico museo de xeoloxía. En distintos puntos podemos contemplar pregamentos e fallas nos estratos do terreo que son unha testemuña das forzas que crearon e erosionaron estas montañas durante millóns de anos. O máis importante é o de Campodola que é un dos maiores monumentos xeolóxicos da Península Ibérica. Mide máis de 2 km e está formado por capas de xistos e cuarcitas.



Museo etnográfico de Vilar, de entrada libre, a cambio de apagar a luz ao marchar e, se se quere, deixar unha axuda para costar o seu mantemento.



En Seoane collemos a estrada que vai a Esperante e Mostade, e nela o desvío ao **Alto do Couto**. Nesta subida á serra pasamos ao pé das ruínas do castelo de **Carbedo**, punto desde o que temos en fronte o monte **Formigueiros**, o cume máis alto da serra, e, nas súas abas, a máis ampla fraga do Courel, a **Devesa de Rogueira**. No Alto do Couto, no punto do cambio de vertente podemos facer unha parada para contemplar as paisaxes do **Val de Visuña**, coa característica forma de artesa típica da actividade glaciaria no pasado. Seguimos cara a fondo do val, agora coa serra do Courel á dereita, e imos contemplando unhas paisaxes espectaculares co val do **río Visuña** a fondo. Pasamos por terreos con paredes de fortes pendientes de lousas e máis adiante entre rochas calcarias nas que hai algunhas covas e unha vexetación moi característica.

Despois de pasar Visuña chegaremos a **Ferramulín**, onde o río Visuña se xunta co Selmo, que un pouco máis abaixo entra en León. Alí temos un fermoso souto e unha pincheira.

Continuamos o percorrido remontando o curso do **Selmo** ata un pouco antes do chegar a **Vieiros**, onde podemos facer unha pequena camiñada para achegarnos á pincheira máis emblemática do Courel. Continuamos ata **A Seara**, fermosa poboación con moitas casas restauradas, atravesada polo río que a carón dun muíño forma un pequeno salto. Desde a Seara iníciase a ruta á **Lagoa de Lucenza** e por ese camiño a só 300 m atópase a pincheira de **Fócaro**.

A seguinte poboación é **Soldón**, que lle da nome a río, e, un pouco máis adiante, no **Mazo** vense os restos dunha ferrería e o val do **rego do Montouto** coa **serra dos Cabalos**. Seguindo polo val do Soldón chegamos a **Cruz de Outeiro** desde onde podemos ver a poboación de **Outeiro** e o seu fermoso souto, ou achegarnos á pincheira da **Pedriña** no **río de Vilarbacú**. A partir de aquí deixamos o val do Soldón e seguimos o val do **río Quiroga**, coa serra do Courel á dereita, nunha área moi alterada polas canteiras de lousa. Despois de numerosas curvas e moitas vistas panorámicas, un pouco antes de baixarmos ao val de Quiroga, podemos ver a parte de atrás do **pregue de Campodola**. A ruta remata cando nos incorporamos, xirando á esquerda, en dirección a Quiroga, á estrada que vai a Pacios da Serra. Un pouco antes de entrar en Quiroga podemos achegarnos a coñecer o conxunto histórico-artístico do **Hospital**. Finalmente chegamos de novo a punto de partida.



Outeiro, pola súa orientación, goza das raiolas de sol nos días de inverno.

Vieiros, no río Selmo. A pincheira, como se lle cham ás fervezas no Courel, máis importante desta área. Atópase a pé da estrada que vai de ferramulín á Seara e chágase facilmente a ela por un carreiro indicado.



Devesa de Rogueira, declarada polo Fondo Mundial para a Natureza como unha das seis áreas de bosque autóctono máis importantes da Península Ibérica. É a devesa máis extensa e famosa de Galicia. Por riba dos 1.000 m hai faias acompañadas de acivros e teixos.



A disposición das rochas crea curiosas formas nas abas do monte Formigueiros que conforman o val de Visuña.

